Estrada A Coruña - Ferrol 12
15165 Bergondo (San Salvador)
☎ 981791896
cra.bergondo@edu.xunta.gal
http://centros.edu.xunta.es/cradebergondo/

PROGRAMA DE ACOLLIDA

C.R.A. DE BERGONDO

Segundo as *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato,* o centro elaborará un PROGRAMA DE ACOLLIDA. que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, alomenos, dos seguintes aspectos:

1. Novas normas de organización e funcionamento do centro.
2. Actuacións de prevención, hixiene e protección.
3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro, a pesar de non ter formación en materia sanitaria nin de organización en aspectos relacionados coa prevención de riscos laborais.

1) NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Grupos estables de convivencia

Cada un dos grupos das escolas de Carrio, Lubre, Silvoso e Vixoi considérase “grupo estable de convivencia”.

Na escola de Guísamo contamos con tres aulas (4º-5º-6º) conformando cada unha delas un "grupo estable de convivencia" polo que non se poderán relacionar entre sí, o que conleva unha reorganización das entradas, as saídas e os recreos.

Entradas e saídas das escolas

É preciso evitar a aglomeración de persoas tanto na entrada coma na saída, debendo en todo momento garantir as medidas de distanciamento físico interpersoal.

Nas escolas de Carrio, Lubre e Vixoi as familias xunto cos alumnos/as permanecerán no patio gardando entre eles as medidas de distanciamento ata que se avise da entrada que terá que ser ordeada e seguindo as intruccións do profesorado.

Na escola de Silvoso, as familias agardarán no exterior do recinto escolar ata que o profesorado os avise para acceder, dada a imposibilidade de poder gardar as medidas de distanciamento no patio.

Na escola de Guísamo estableceranse quendas de entrada e espazos diferenciados para que as familias esperen co alumnado de cada un dos 3 grupos de convivencia estable. É fundamental cumplir os horarios establecidos.

Para poder cumplir axeitadamente coas medidas de seguridade e hixiene, cando un alumno/a se retrase na chegada á escola, deberá avisar á titora e esperar á seguinte hora en punto para acceder ao centro. Igualmente, para recoller ao alumnado antes da hora de saída, avisarase á titora e recollerase nunha hora en punto.

Acompañantes do alumnado

Con carácter xeral, non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo. Os/as alumnos/as virán ao centro acompañados só dun familiar. Os acompañantes deben usar máscara.

En canto se deixe o/a alumno/a a cargo da súa titora, os acompañantes deben abandonar o recinto escolar. O mesmo para as saídas, xa que en canto se recolla un alumno/a hai que saír do recinto escolar para evitar a xuntanza de grupos.

Uso da máscara

O uso da máscara é obrigatoria para todo o profesorado e persoal non docente, así coma para o alumnado a partir dos 6 anos. Para o alumnado de E.I. menor de 6 anos, é recomendable pero non obrigatoria.

Merendas de media mañá

Cada alumno traerá a súa merenda e non poderán compartir alimentos entre eles.
A bebida virá debidamente identificada co seu nome para evitar confusións.

Libros e xoguetes

Non poden traer á escola xoguetes nin libros da casa.

Titorías

Realizaranse por medio de videoconferencia ou teléfono.

Orientación

Realizaranse por medio de videoconferencia ou teléfono.

Atención de dirección e secretaría

Atenderase prioritariamente por medio do teléfono (981791896) ou correo electrónico (cra.bergondo@edu.xunta.es).
Excepcionalmente poderase atender presencialmente sempre con cita previa.

2) ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN

As familias realizarán co alumnado cada mañá, antes da chegada ao centro, unha autoavaliación de síntomas , seguindo esta enquisa :

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		***SI***	***NON***
Síntomas respiratorios	**Febre maior de 37,5ºC**		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	**Fatiga severa (cansazo)**		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	***NON***
***CONVIVIU* nas últimas 2 semanas?**	**cunha persoa COVID-19 + confirmado?**		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

Importante : Ante a aparición de polo menos 1 dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores/titores non enviarán o/ alumno/a a clase, avisarán ao centro e poranse en contacto co seu pediatra.
O alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo.
Non asistirán ao centro os/as alumnos/as, docentes e outros profesionais que teñan:

- síntomas compatibles coa covid-19
- aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de covid-19
- en periodo de corentena domicialiaria por ter contacto estreito con algunha persoa con sintomatoloxía ou diagnosticada coa covid-19

Antes de acceder ao centro e ás aulas hixienizaranse as mans con xel hidroalcoholico.
Ao longo da xornada lectiva realizarase lavado de mans con auga e xabón durante, polo menos, 40 segundos. O lavado realizarase como mínimo 5 veces ao longo da mañá, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois da merenda de media mañá e sempre despois de usar o aseo.
Evitarase tocar ollos, nariz e boca.
Informarase do uso correcto da máscara, o xeito correcto de poñela e sacala, así como gardala.

3. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESNVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL, OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

Realizaranse actividades para que o alumnado se familiarice cos blogs de aula e especialidades e coas propostas didácticas que se atopan neles.
Involucrarase ás familias para que, nun caso de ensino non presencial, axuden ao alumnado a acceder aos contidos que se incorporarán aos blogs.

4. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

O departamento de orientación proporcionará actividades dirixidas á atención dos aspectos emocionais e coordinará coas titoras a realización destas actividades nas aulas.